

# FARO DA CULTURA

nº 246 • Xoves, 1 de maio de 2008


Coordina: Xosé Ramón Pena

Nestas datas, podemos atopar nas carteleiras o film *Todos estamos invitados*, o último traballo de Manuel Gutiérrez Aragón que aborda un tema tabú do cinema español: o conflito vasco. A fita entrecruza a historia dun etarra que perde a memoria (Óscar Jaenada), coa dun profesor ameazado (José Coronado), baixo a mirada externa dunha muller italiana (Vanessa Incontrada) que pretende desnaturalizar unha situación cuberta por unha penumbra de medo e violencia.

Pode resultar paradoxal que unha problemática que latexa con vigor nos escaparates mediáticos do panorama nacional — o terrorismo vasco é unha saborosa materia pri-

## Filmar o pesadelo

so por parte da dereita mediática e política. O director, Julio Medem, recupera a estrutura utilizada por Jaime Camino para o seu documental sobre a Guerra Civil, *La vieja memoria* (1977), baseada en declaracións cruzadas das distintas voces sociais, políticas, culturais e económicas que dalgunha ou doutra maneira forman parte do taboleiro vasco, a excepción dos membros do Partido Popular que rexeitaron forma parte deste proxecto dialéctico. O partido conservador alegou en defensa da súa postura a immoralidade dunha proposta que, ademais de ceder a palabra a unha parte da esquerda abertzale, renunciaba aos arquetipos e atenuaba a maniquea división entre vítimas e verdugos. Agora ben, nas súas alegacións, nin-



ma para radio, televisión, libros e prensa escrita, ademais de partidos políticos—, fora excluído das pantallas de cine, escenificando un mutismo análogo á temática da Guerra Civil Española.

O primeiro filme que trata a temática etarra é *Estado de excepción* (1976), unha curtametraxe documental do director vasco Iñaki Núñez, onde se retrata a represión no País Vasco despois da Guerra Civil. A fita foi incautada polas autoridades e todos os seus responsables acabaron no cárcere. Dous anos máis tarde, o mesmo director atreveuse cunha longametraxe de ficción *Toque de queda* (1978), que narra a angustia dos últimos condenados a morte por Franco, focalizada no testemuño dunha militante do FRAP, finalmente indultada por estar embarazada. Desde un punto de vista menos radical, Imanol Uribe presenta *El proceso de Burgos* (1979), a súa opera prima en formato documental sobre o proceso aberto por Franco no ano 1970 contra varios militantes de ETA. O mesmo realizador volvíu sobre o tema, enfocado como unha contenda entre o franquismo e a loita armada vasca, con *La fuga de Segovia*

### Cinema no labirinto vasco

HÉCTOR PAZ OTERO

(1981), a partir dun suceso real acontecido na etapa moribunda da ditadura. A visión externa provén do cineasta italiano Gillo Pontecorvo, cunha crónica sobre o atentado que acabou coa vida de Carrero Blanco, *Operación Ogro* (1979). A fita presenta o golpe como unha fazaña épica na que os terroristas son presentados como loitadores da liberdade.

Custa pensar que estas películas puideran ser estreadas na actualidade nas salas españolas sen provocar encrespadas reaccións dunha parte da sociedade mobilizada por intereses políticos. Non hai máis que recordar o acontecido coa estrea de *La pelota vasca* (2003), sometido a unha campaña de aco-

gún voceiro dos populares puido esclarecer en cal dos bandos situarían ao xeneral Galindo, e en cal á moza vasca que denunciaba ante a cámara as torturas sufridas de mans dos corpos de seguridade do estado.

*Asesinato en febrero* (2001), documental dirixido por Eterio Ortega, baixo a produción de Elías Querejeta, sitúa a mirada da traxedia terrorista na parte da dor, coa presentación do asasinato do parlamentario socialista Fernando Buesa e o seu escolta, e formula unha interrogante que expresa a incompreensión da barbarie: “Por que?”. Ortega e Querejeta retornan con outro documental, *Perseguidos* (2004) no que retratan a vida cotiá de xente anónima ameazada por ETA, cunha formulación semellante a *Todos estamos invitados*, desgrazadamente, baseado en acontecementos reais. Nunha das numerosas entrevistas concedidas por Manuel Gutiérrez Aragón, o director chega a declarar que despois de mirar a súa película rematada, sería un acerto filmala practicamente muda, porque deste xeito acabaría tendo unha aparencia a pesadelo.

\* ENTREVISTA CO DEBUXANTE ÁLEX CAL, AUTOR DE “NORTH WIND” / Páx. III

\* O TRAZO E A MEMORIA: AS PINTURAS DE XAQUÍN CHAVES / Páx. VI

\* MEMORIA DA CANCIÓN DE NOSO: VOCES CEIBES, 40 ANOS DESPOIS / Páx. VIII

Hai quen di que a cultura é, afortunadamente, un negocio, xa que este sector produce o 4% do PIB do país. Será por iso que agora haina que catalogar con outras áreas como deportes, turismo ou hostelería. Pero cando vemos a cultura como unha fortuna económica queda fóra do ángulo visual outra fortuna menos profana. Xa sabemos que hai termos económicos moi de moda entre os xestores culturais, e será que para achegarnos á cultura temos que centrarnos agora nos números de libros ou entradas aos concertos e museos. Dende esta perspectiva falamos de rendabilidade; parece que hoxe a cultura se mide polo diñeiro que move. En principio esta forma indirecta de medir parece una redución complicada de facer. Que porcentaxe da nosa

falar dun bo libro pode que sexa pola cantidade de exemplares vendidos, entón temos que saber que as xoias literarias da nosa sociedade poden ser as biografías dos personaxes das revistas rosa. Xa non está claro se o da cultura califica ou descalifica.

Sen ir moi lonxe, no mes de xaneiro celebrouse en Madrid un encontro organizado polo ICEX, Instituto Español de Comercio

Exterior, baixo o nome "Aprendiendo a exportar. Contenidos culturales para o mundo". Nel falan de incorporar unha vertente cultural aos proxectos. É comprensible, porque en España as industrias culturais aportan o 3,2% da riqueza nacional, e a propiedade intelectual contribúe nun 4%. Pero se a isto lle sumamos que por beneficios de dereitos de autor Estados Unidos cap-

ta unha media do 53% mundial, e que o seguen Xapón e Reino Unido (a quen non lles pode interesar neste momento outra cousa que non sexa a cultura da aldea global) o negocio bo está na democratización disto que chamamos cultura. Ás veces non queda moi claro onde está o substantivo, se na palabra "cultura" ou na palabra "empresa." Se miramos o mapa dos beneficios

culturais é difícil non ver unha das formas moi proveitosa de transferencia de recursos dos países pobres aos ricos. Isto non reflicte que estes países teñan máis capacidade creativa que os outros, senón o poder das súas empresas culturais. Non é casual esta tendencia a chamar cultura ao entretemento xa que o capital atopa problemas para producir valor a partir da arte. O capital, máis ben, xera un sistema cultural que da forma a unha serie de valores para perpetuar a súa dominación e crecemento. Non é industria cultural; en todo caso, é industria que elimina a cultura e as súas particularidades e simula a súa existencia.

A cultura e a arte non son produtos de fácil consumo, satisfacción e venda rápida pero si que o é o entretemento. Converter a cultura en produtos implica

# O negocio da cultura

*Da existencia dos artistas*

MARCELA SANTORUN



Galería Sargadelos na rúa Urzáiz de Vigo. / FOTO: ELI REGUEIRA

cultura representa a Cidade da Cultura? A vulgar polos cartos debe de ser moitísimo. E Sargadelos?

É curioso, pero a anterior responsable do ministerio chegou a dicir que falar de cultura é falar de creación e industria. Dan arrepiños cando os máis autorizados no eido da cultura e que dirixen museos e ministerios disparan cousas así. Argumentos como este, centrados na perspectiva da cultura como un sector económico máis, son moi perigosos porque poden utilizarse para espoliar proxectos con verdadeira substancia cultural dende o pasado até o futuro, porque a cultura non se improvisa. Isto lémbra-nos o que vivimos recentemente con Sargadelos. Por que falar de cultura cando queremos falar de cartos?. Os termos cambiaron tanto na análise dos produtos culturais que cando escoitamos

No eido das empresas culturais hai moitos matices. Algúns falan de introducir unha vertente cultural nos seus proxectos empresariais e outros están comprometidos coa cultura e desenvolven a través dela un proxecto para mantela viva e potenciala ou recuperala. Hai empresas que empregan aspectos culturais, pero o obxectivo é o enriquecemento económico. Outras son empresas fillas dun proxecto cultural, e Sargadelos é un bo exemplo. Esta sinxela observación fai evidente que os produtos que son verdadeiramente culturais non poden tratarse coma calquera outro produto porque os que non o son son reemplazábeis por outros que promovan novamente a venda, e os

culturais non, a empresa en todo caso está orientada á súa perpetuación.

Sargadelos é parte dos ciclos e circunstancias da historia, neste caso da guerra e as súas atro-

## O exemplo Sargadelos

cidades e dos intentos de silenciar unha cultura. A posta en marcha desta idea non foi como consecuencia dun obxectivo empresarial, senón cultural, que naceu non só pola vontade de quen estaba, senón de quen non. Curiosamente este proxec-

to xurdiu nos seus ideólogos para recuperar a memoria histórica, para rescatar a cultura dunha crise provocada, e converteuse nunha empresa onde moitos artistas puideron expresar as súas ideas e as súas propostas artísticas. Que porcentaxe da nosa cultura representa un proxecto que naceu do encontro de homes como Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor, Xosé Núñez Búa, Xosé Neira Vilas, Isaac Díaz Pardo, Lorenzo Varela, Rafael Dieste e todos os que o alimentaron intelectualmente aínda que non chegaron a velo? A cultura non se improvisa, e os mellores produtos da natureza humana non se poden medir nin mercar, pero son os que atesoran a nosa identidade.

a súa devaluación e mediocrización. Nos apartados culturais dos medios podemos ler, xunto á oferta do Prado, o último escándalo dunha modelo e o romance dos protagonistas da película máis taquilleira.

Aínda que non todos somos xestores culturais tampouco somos unha morea de anacrónicos descerebrados, todos superamos o tradicional concepto de cultura. Nós tamén soubemos ler a Adorno, a Horkheimer, e xa hai sesenta anos que bautizaron o cambio nos procesos de transmisión da cultura como "a proliferación das industrias culturais." Eles aventuraron moitas catástrofes, talvez pola súa tendencia a trasladar a análise marxista ao proceso cultural, aínda que por sorte e en contra de tantas nefastas visións non todas se cumpriron: a arte e os artistas aínda existen.

## ENTREVISTA

**C**omo xurdiu a oportunidade de debuxar para a Marvel un número de Spiderman?

-O meu axente, que é quen me move páxinas por EE UU, enteírouse de que o editor de Spiderman estaba buscando debuxantes, e envielle unhas probas. A ilustración que pedían era Spiderman cun fondo urbano, e fixen algo entre moderno e clásico. A historia transcorre nos comezos de Spider, polo que querían un toque clásico; coincidiu que o que estaban a procurar se parecía ao que eu fixera, e ofrecéronme o traballo.

- Como foi traballar para unha editorial como Marvel? Déronlle moitas pautas ou deixáronlle liberdade á hora de debuxar?

-Marvel ten uns personaxes que son auténticas iconas; todos eles son moi recoñecibles e non lles podes dar un aspecto moi diferenciado do que eles che marcan. Polo tanto, tes que limitarte á imaxe que xa existe, xa sexa de Spiderman, Batman, ou de calquer outro. Ademais, como co cómic que fixen querían profundar nos comezos do personaxe, tiña que seguir un estilo semellante ao Spider desa época. Así que, dentro da miña liña, tiven que adecuar-me ao que eles pedían.

- Traballou con J.M. DeMatteis, o guionista?

-Con el non tiven contacto. O que fixen é un cómic de reserva, que se publicará dentro duns meses, pero non é un número importante dunha serie que saia mes a mes. Nese caso si que é necesario que entre o guionista e o debuxante haxa unha relación. Porén, a min mandáronme o guión, e todas as correccións dábamas o editor.

- A incursión no eido do cómic estadounidense veu coa serie North Wind, que foi o seu primeiro traballo como profesional, non é?

-Deutei con North Wind, da editorial Boom! Studios. Pasou algo semellante ao que aconteceu con Spiderman; estaban buscando debuxante e enviáronme unha especie de plot do que pedían nunha ilustración: que se vise un home na neve, algún animal nun escenario un pouco postapocalíptico. Así que lles envíei a ilustración, que é a que corresponde coa portada do número 5; gustoulles, comprárona e ofrecéronme a serie. Non esperaba moita cousa dela, pero, ao final, é a que me está dando máis repercusión alá.

- Davis Entertainment vén de adquirir os dereitos da serie para o cine. Imaxínase contemplándoa na gran pantalla?

-Home, si; o que pasa é que, de momento, é case todo fume. A produtora adquiriu os dereitos para facer unha adaptación do cómic, pero tampouco hai nada, non hai nin un guión, nin un reparto... Está todo nunha fase aínda moi verde.

- Como é un día normal para Vde., agora, xa debuxante profesional, con datas de entrega, dedicación diaria...

-Depende moito do que pidan en cada páxina. Se cadra, pidenche escenas moi liviás, con xente falando, onde non tes que mover moito a figura, e xa está. Porén, cando tes que facer escenarios cos personaxes en movemento, iao leva máis tempo. Polo xeral, unha páxina adóitame levar, a lapis e tinta, un ou dous días como moito. Pero claro, son xornadas intensivas; digamos que comezo ás 11 da mañá, paro tres ou catro horas, pero até as 12 da noite non remato. Claro, tamén depende do perfeccionismo de cada un e mais da vida social que queiras ter. Eu é que son un obseso do debuxo e neste momento, como estou principiando, interésame que vexan que son capaz de debuxar ben, para que me saian mellores ofertas.

- Evolucionou moito o seu debuxo nestes meses?

-Si que o fixo, sobre todo na perspectiva do acabado, das caras, as anatomías... Non é o mesmo facer oito páxinas ao mes, como cando estaba a probas, que debuxar vinte e dúas. É como un músculo que estás adestrando. Pois o mesmo pasa co debuxo; se cada día estás na mesa, debuxando figuras, debuxando caras, chega un momento en que vas asimilando as cousas, os conceptos, e acábache saíndo bastante mellor. Si que notei unha evolución gráfica bastante boa.

- Quen son os seus autores de referencia?



Alex Cal

## “Son un obseso do debuxo”

O talento para o cómic do vigués Alex Cal traspasa fronteiras. Con 23 anos, é autor da serie North Wind, da editora estadounidense Boom! Studios, e vén de debuxar tamén un Spiderman para Marvel, número que será publicado nos vindeiros meses.

NATALIA ÁLVAREZ

-De pequeno, houbo algúns autores cuxas imaxes motiváronme a debuxar. Pero agora mesmo véxoo e preguntome como puíden aprender de tal ou cal personaxe. Digamos que agora teño máis criterio. Nos que máis me fixo son Chris Weston, Steve McNiven, Brian Hitch e Pablo Raimondi.

- Edita un blog en Internet, alex-cal-oliveira.blogspot.com. Sérvelle como ferramenta de traballo?

-Nun principio organiceino, máis que nada, para seguir en contacto con xente coa que estudara. É un xeito de ver traballos doutras persoas sen ter que enviar emails, que era máis engoroso. É tamén para ensinar o que eu facía aos amigos e máis á familia, porque se non ía a Vigo co cartafol, non podían ver o que estaba a debuxar. Pero despois, xente que xa tiña un blog comezou a chegar ao meu, a deixar comentarios, e claro, empezas a facer amizade con outras persoas que están metidas no mundinho, e a faceres contactos tamén a nivel profesional.

**N**ON TEMOS UN MERCADO DO CÓMIC, POLO QUE PUBLICAR COUSAS PROPIAS RESULTA MOI COMPLICADO EN ESPAÑA”

- Estudou Vde. na escola Joso de Barcelona. É fundamental pasar por unha centro así para dedicarse a isto?

-Creo que cada un aprende de seu. Pódenche pór unhas pautas, pero realmente non che van ensinar nin a debuxar nin a facerte autor. O que pasa é que non é o mesmo estar en Vigo, enviando páxinas dende a túa casa ao señor editor de tal editorial, que poida que xamais as vexa, que vivir en Barcelona, onde se concentra o cómic profesional en España. Polo menos, no tocante a contactos, con profesores que son profesionais... Por exemplo, na escola tiven de profesor a Eduardo Alpuente, que é representante; viu os meus traballos e os dalgúns compañeiros de clase e, cando rematamos na Joso, dediciu representarnos. Así que en cuestión de contactos si que me serviu. De feito, cando decidín vir a Barcelona foi por iso, porque en Vigo vía que non sabía nin onde dirixirme, nin que é o que tiña que facer.

- A pesar de vivir en Barcelona, segue Vde. en contacto coa xente de Vigo, principalmente a través do fanzine Fuck Comics.

-Así é. Eu, en Vigo, ía a clases de pintura, pero o que me interesaba era o cómic. Miña nai enteírouse de que Norberto e Jacobo Fernández montaran unha escola e apuntoume nela. Estiven un ano alí e coincidín con toda esta xente, porque a maioría dos que debuxan en Fuck Comics estaban na academia de Norberto e Jacobo. Entón, empezamos o fanzine cando pechou a escola e fun colaborando, enviando traballos.

- Hai algún personaxe ou algunha serie que lle gustaría debuxar?

-A serie Amazing Spiderman. Se consigo publicar aí... xa podería morrer tranquilo.

- E facer a súa propia serie?

-Tamén teño personaxes meus e historias propias. O que pasa é que aquí non hai un mercado de cómic, e publicar cousas túas é moi complicado. Hoxe, en España, podes vivir de publicar no eido do porno e pouco máis. De feito, hai cantidade de autores españois nos EE UU, Francia... Non obstante, se podo aproveitar-me de ter feito moitos traballos para EE UU, ter unha base e ser máis recoñecible para o público, si que me interesaría sacar cousas miñas, e non ter que debuxar o personaxe nin a historia de ninguén. Pero iso é algo que me plantexo máis a longo prazo.

## Derradeiro London

Resulta alentador comprobar como os editores galegos están a crear un catálogo de traducións máis que interesante e que resulta indispensable no proceso de normalización do lectorado en lingua galega. Nesta ocasión é a Editorial Galaxia a que pon ao mercado un novo volume na súa colección "Clásicos Universais": *O viaxeiro astral*, a derradeira obra de Jack London publicada en 1915, un ano antes da súa morte por suicidio.

O corpo do libro son as páxinas escritas polo preso Darrell Standing mentres agarda no Pavillón de Asasinos a chegada do momento da súa execución na forca. Este home foi condenado por asasinato a cadea perpetua, mais por lle ter dado unha puñada a un garda xa na prisión condenárono de novo, e nesta ocasión á pena de morte. Este só é un máis dos moitos despropósitos que nos irá amosando da suposta vida "civilizada" do ano 1913 nos EUA.

Podemos sinalar dous grandes eixes temáticos na obra: a denuncia do sistema e a supervivencia a través da

### *A salvación a través da mente*

PILAR PONTE



sión dun home durante cinco anos nunha cela de illamento e a existencia duns mecanismos represores e torturadores tanto desde o punto de vista físico como psicolóxico totalmente inhumano. Neste sentido son numerosas as interpelecións directas ao lector como membro

mente. Así, dunha banda o libro é a crítica feroz do sistema e máis concretamente dos aparatos xudicial e penal que permiten a reclu-

coaduvante do sistema ("Outra pregunta que me gustaría facerche a ti, fachendoso e acomodado membro da sociedade..."). E doutra banda, o texto

tamén é unha defensa do poder do individuo a través da súa mente, e así vemos como o protagonista consegue sobrevivir grazas a que atopa nas viaxes astrais ás súas outras vidas (conde parisiense, xefe de lexionarios romanos, nobre ario no antigo Exipto, etc.) a táboa de salvación que lle permite manter a cordura e conseguir a liberación espiritual.

Da tradución, levada a cabo polo polifacético Xoán Abeleira, é de xustiza salientar o acerto na recreación lingüística de todo o mundo da prisión, que serve para marcar tamén mediante o código a distancia existente entre a vida de Darrell Standing e aquelas outras tan diferentes que o protagonista vai revivindo.

*O viaxeiro astral* ofrécenos unha mestura de novela de aventuras e novela psicolóxica que nos cativa facendo que nos entreguemos devotamente a Darrell ata o final, ou, desculpen, ata o seu último, que non derradeiro, final. Supoñemos que é cuestión de tempo que algún director decida levar esta formidable historia á gran pantalla.

LONDON, Jack, *O viaxeiro astral* (trad. Xoán Abeleira), Ed. Galaxia, Vigo, 2008, 339 páxinas.

## Apoteose patriótica

### *O que cómpre recuperar*

ROMÁN RAÑA

Acaba de ser reeditada *Non máis emigración, Apropósito lírico-dramático en dous autos e sete cuadros*, con música do compositor Felisindo Rego e escrita por Ramón Armada Teixeira (Santa Marta de Ortigueira, 1858-A Habana, 1920). Figura hoxe esquecida, creou o primeiro xornal da emigración integramente escrito na nosa lingua, *A Gaita Galega*, nos inicios con Manuel Lugo Freire. Así mesmo, foi o creador da primeira zarzuela no noso idioma e o primeiro ocupante dunha das cadeiras da Real Academia Galega. Poeta de tres libros (*Caldo de grelos*, 1895; *Aturuxos*, 1897; *Da terraña*, 1917) e autor dun monólogo teatral (*Mexamorno en Viveiro*, 1912) de temática igualmente antiemigratoria, o corpus deste autor caíu no máis absoluto dos esquecementos.


Grazas á editorial Endymion contamos coa reedición íntegra desta obra

teatral, de título furibundo e social, mais que axiña se nos revela con toques costumistas e, mesmo, con ribetes de apoteose patriótica. Non é difícil percibir debaixo deste pano de fondo a veta narrativa dun Curros Enríquez e d'A Virxe do Cristal, especialmente na parella de namorados Xan, inxeniero emigrante, Mari-

ca, sinxela rapazeta, e Farruco, malvado armadanzas que se interponen entre os amores dos mozos cunha vil estratagemata para os enemizar e separar. Para quen isto escribe son os momentos máis fermosos e tensos do drama que se nos presenta. Tamén onde aniñan os versos máis emotivos e mellor construídos do conxunto. Non pasan desapercibidas as escenas comunais, onde pululan aguinaldeiros, serenos, viandantes da Habana e galegos emigrantes, formando un coro variopinto. Tamén resulta cómico o parrafeo entre o tateo Ánxelo, que di: "Can... can... cando viñeche?" e Farruco, que responde: "¡E non me chama can o condonado! Asno... asno... asno... ás nove da mañán de onte."

Libro, pois, ameno, revelador dun momento en que a literatura estaba ao servizo dunha causa política e sentimental, mais nunca panfletario ou trivial. O deseño gráfico, coidado, exquisito, denota a man de Alvaro Lago nunha obra que merecía a pena ser recuperada.

ARMADA TEIXEIRO, Ramón, *Non máis emigración*, Ed. Endymion, Madrid, 2008, 125 páxinas.



## Inzado de poesía

### *Acabados de nacer*

DORINDA CASTRO SOLIÑO

O día 1 de abril de 2002, día pintado de vento, sol e poalla, o xornalista Henrique Alvarellos comeza a escribir un diario íntimo sacudido por unha feliz noticia e sabedor de que a partir dese momento todo sería distinto: vai ser pai e pretende recoller nesas páxinas que comeza, a experiencia da espera e da paternidade. Agora, ese diario bota a andar convertido xa en xénero literario, en historia real, existencial e íntima, publicada pola Editorial Xerais co título *Diario dun pai acabado de nacer*.

Pero a vida ofrece moitas caras e a alma ten moitos cuartos así que, o que en principio ía ser a crónica dun tempo feliz, convértese, polo devir dos acontecementos, nunha reflexión sobre a existencia. A vida impón outros renglóns.

Henrique Alvarellos comparte connosco as súas emocións, preocupacións, alegrías, temblores, temores e feitos cotiáns extraordinarios vividos desde a nova da paternidade ata o 20 de agosto de 2006. En a penas cento



súa chegada, o primeiro colo, riso, pregunta, medo e os seus primeiros trazos pois non en van el é o "ilustrador" do libro cos seus tenros debuxos.

Mentres, o escritor recibe a noticia da enfermidade do seu pai, Henrique Alvarellos Iglesias, que fundara polo 1977 a editorial que leva o seu apelido e que tras a súa morte, herda o seu fillo para continuar o labor cultural e galeguista. O texto convértese entón nunha reflexión

e nove páxinas medramos con ese neno ao que han chamar Pablo e, nun exercicio de emoción desbordante pero contida, celebramos a

xión sobre o tempo, a dor, a existencia, a nostalxia e sobre todo, en homenaxe: como resistir, como sobrevivir, como facer o novelo

do futuro con fios do pasado. As ferramentas ás que un pode agarrarse van desde a poesía, a música, os recordos, a imaxinación, as viaxes exteriores e interiores e a persistencia da memoria que nos trae historias emocionantes como a da vella máquina de escribir Contin, as terroríficas da Guerra Civil ou as da avoa Orosia, que tamén morre, levando consigo unha cultura.

Mentres, a vida escríbese tamén fóra da casa e sabemos de acontecementos que golpean as consciencias e que nos recordan, meu neno, que a vida é cousa de sorte e que a dignidade é futuro: a marea negra do Prestige, a guerra de Iraq, as bombas de Atocha. Pode un cargar coa dor do mundo toda?. "Porque a vida é unha traxedia, unha condenada, inxusta, infame e inaprazable traxedia. Só un parvo pode vivir medianamente ben".

Velaquí pois, un libro inzado de poesía, escrito desde a máis tenra esperanza, a máis fermosa ilusión e a máis profunda dor.

ALVARELLOS, Henrique, *Diario dun pai acabado de nacer*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 111 páxinas.

## LIBROS

## Pola liberdade

O día 20 de xullo de 1936 foi un día trágico para a cidade de Santiago de Compostela. Ese día, na cidade compostelá, como noutras vilas e cidades de Galicia, numerosos militares acudiron a prestar os seus servizos ao Cuartel de Artillería, ao mando do comandante José Bermúdez de Castro. Unha vez acuartelados, os alí reunidos, que acudiran en resposta ao chamamento á sublevación armada realizado polo xeneral Francisco Franco dende Marrocos, tomaron a decisión, na madrugada do día 21, de ocupar a cidade: primeiro, a casa do concello; logo, nun breve lapso de tempo, fixéronse co control dos puntos neuráxicos e estratéxicos: Radio Galicia, Correos, Telégrafo, Casa do Pobo... Nese momento, pois, comeza un cruento período de repre-

## Un precursor do soberanismo

ALFREDO IGLESIAS

mente cincuenta milicianos-, co obxectivo de manter o control da cidade, que quedara desprotexida logo de que outro grupo de milicianos, aos que se viñeron sumar os mineiros de San Fins, se trasladaran cara á Coruña, onde se estaban librando duros combates urbanos. Uns días máis tarde, logo dun trágico episodio ocorrido o 22 de xullo -día no que os membros do Terzo de Calo protagonizaron un asalto a un tren procedente de Vigo no que se transportaban unhas munições coas pretendían poder facerse de novo co control de Santiago, daquela xa en mans fascistas- Xohán Xesús González caía en mans da Garda Ci-

na obra *Xohán Xesús González: un precursor do soberanismo galego*, que vén de publicar Laivento, "cumpría disfrazar todo o sucedido", para o que se puxo en marcha un amplo dispositivo propagandístico a fin de criminalizar os mortos e, ao tempo, "promocionar o seu movemento". Velai a razón pola que houberon de pasar moitos anos antes de que se puidese recuperar a memoria desas persoas que por defender a liberdade e a democracia foron aldraxados de criminais polos fascistas.

Xohán Xesús González, agora recuperado grazas ao traballo de Héitor

**GONZÁLEZ DESTACOU COMO DEFENSOR DOS DEREITOS DAS MULLERES E DA CLASE TRABALLADORA**

Picallo Fuentes, foi un recoñecido intelectual e activista político que adicou todos os seus esforzos a forxar unha organización política galega de inspiración marxista, polo que logo de abandonar o PSOE tras o Congreso de Monforte de Lemos celebrado en outubro do ano 1931, se esforzou por crear un espazo político galego no que conflúsen o marxismo e o galeguismo: primeiro, foi a Unión Socialista Galega; logo, dúas experiencias máis, a fundación da Agrupación ao Servizo da Autonomía e o seu ingreso en Izquierda Republicana, de onde foi expulsado, polo que dedicou todos os seus esforzos a un novo proxecto: a Vanguardia de Izquierda Republicana.

Paralelamente, ao longo deses anos, Xohán Xesús González dedicouse tamén á literatura e ao xornalismo, salientando como un lúcido defensor dos dereitos das mulleres e da clase traballadora e como un precursor do encontro entre socialismo e o galeguismo.

PICALLO FUENTES, Héitor, *Xohán Xesús González: un precursor do soberanismo galego*, Ed. Laivento, Santiago, 2008, 256 páxinas.

## "Segunda Onda"

## Os feitos e os mitos

LAURA CAVEIRO


Emoción e orgullo é o que podemos sentir ao ter nas mans a tradución ao galego do primeiro volume do ensaio feminista máis importante do século XX, *O segundo sexo*, nunha edición completa, e perfeccionista, que aparece baixo os auspicios da Secretaría de Igualdade da Xunta de Galiza e o selo de Edicións Xerais, cando se cumpren cen anos do nacemento de Simone de Beauvoir en París.

Como nos adianta Carme Adán, Secretaria Xeral de Igualdade, no "Adral" desta publicación, a esencia d' *O segundo sexo*, da feminista e filósofa Simone de Beauvoir, é acompañarnos moito tempo despois de lelo, ao abrir camiños para o pensamento, perdurando as súa vixencia anos despois da súa primeira publicación. Destácanos ademais Carme Adán, dun xeito inmoltable, un dos enormes méritos deste ensaio: Simone de Beauvoir chegou nel ao fondo de cal é a causa ou as causas do lugar secundario das mulleres na sociedade e escribiu a primeira reflexión filosófica de calado sobre a construción da condición feminina.

Son moitos os argumentos que convidan á lectura deste texto fundamental, pero non podemos deixar de men-

aos lectores no devandito prólogo que no noso contorno tamén contribuíuse á "Segunda Onda" de feminismo cando se formaron movementos como a Asociación Galega da Muller e as Feministas Independentes Galegas; e que este volume "Os feitos e os mitos" recolle datos científicos (biolóxicos, psicolóxicos, centrándose unicamente na psicanálise, e socioeconómicos, só desde o materialismo histórico) para evidenciar que ningún destes discursos demostra a existencia dunha esencia inmutable da muller, para analizar Beauvoir seguidamente os mitos sobre as mulleres que se expresan a

mos polo seu frutífero labor, e quen aclara no propio volume algúns aspectos do seu traballo, como o feito de manter os títulos das obras ás que fai referencia Simone de Beauvoir tal e como ela as citou, case sempre en francés e non no idioma orixinal, propondo entre corchetes a tradución á nosa lingua. Así, pola súa cerna literaria, rematamos coa seguinte reflexión de Simone de Beauvoir: "As épocas que máis sinceramente amaron as mulleres non son a feudalidade cortés nin o galante século XIX, senón aquelas nas que os homes vían nas mulleres as súas semellantes; é daquela cando se presentan como verdadeiramente novelescas: non hai máis que ler *Les liaisons dangereuses* ("As relacións perigosas"), *Le rouge et le noir* ("Vermello e negro"), *L'adieu aux armes* ("Adeus ás armas") para se decatarse. As heroínas de Laclous, de Stendhal e de Hemingway carecen de miste-



sión que segaría a vida daquelas persoas que mentres viviron "vestiran con fachenda a cor da democracia e da liberdade", como definiu acertadamente Manuel Linares Ares a quen loitou por un mundo máis xusto na Galicia republicana.

Unha desas vítimas da represión franquista exercida en Galicia após a sublevación militar foi Xohán Xesús González, quen ese mesmo 20 de xullo acudira a Compostela, á fronte do Terzo de Calo - un grupo de aproximada-

vil, que o detivo mentres, confiado, acudía á feira da Estrada. Unha vez detido, foi trasladado a Santiago, onde, logo de ser arbitrariamente sentenciado a morte, foi fusilado nos muros do cemiterio compostelán de Boisaca o día 12 de setembro de 1936.

Logo dos crimes, dinos Héitor Picallo Fuentes

**TRÁTASE DA PRIMEIRA REFLEXIÓN DE CALADO ACERCA DA CONDICIÓN FEMININA**

cionar os que achamos no atinado prólogo da Doutora en Filosofía África López Souto, quen nos lembra a repercusión do ensaio que inspirou grande parte do feminismo teórico da segunda metade do XX, posto que as feministas tiveron que referirse sempre a el, sobre todo na chamada "Segunda Onda" de feminismo dos pasados anos 70. A responsable da revisión temático-filosófica desta edición subliña

través das obras literarias de autores como Montherlant, D.H. Lawrence, Claudel, Breton, Stendhal...

Por outra banda, se algo destaca desta boa nova para as lectoras e lectores é o colosal traballo da tradutora ao galego deste primeiro volume d' *O segundo sexo* (ao que axiña seguirá o segundo), a profesora Marga Rodríguez Marcuño, á que felicita-

rio: non por iso son menos atraentes. Recoñecer na muller un ser humano non é empobrecer a experiencia do home."

BEAUVOIR, Simone, *O segundo sexo (I)*, (trad. Marga Rguez. Mariño), Ed. Xerais, Vigo, 2008, 460 páxinas.



Até o 21 de maio, Xaquín Chaves (Vilaxoán, Vilagarcía de Arousa, 1959) presenta un repaso á última década da súa produción, inserindo obras realizadas desde os anos noventa até obras realizadas neste mesmo ano, incluíndo pintura, escultura e obra sobre papel. A mostra ocupa dous espazos: a Sala de Exposicións Rivas Briones e mais a Sala do Auditorio, ambas en Vilagarcía de Arousa.

Xaquín Chaves desenvolve unha pintura na que se suxiren, fundamentalmente por medio da cor e da luz, emocións básicas ligadas á paisaxe. A súa obra toma como punto de partida os efectos do tempo ou da luz e os encontros na paisaxe e a partir de aí o artista elabora unha serie contida e pautada na variedade de cores, con pinceladas enfáticas, que dotan o cadro dunha grande presenza e intensidade, mesmo cando se trata de obras de pequeno formato, moi frecuentes na súa produción sobre papel. Son cadros que, soamente alterados por lentes mudanzas de tonalidade e a partir de formas simples e puras, suxiren sutís pulsións primarias; pinturas como *Día de mar* (2007), *Bosque e terra* (1998) ou *Manxar* (2005), con diferentes tamaños, soportes e técnicas, expresan á perfección estes presupostos.

Esta sensación de intensidade emocional é o que produce a impresión de estar perante obras en certo sentido intimistas e cunha notable capacidade de esencialización e adecuación da luz e a cor a unha estrutura abstracta que rexe e xerarquiza a composición -véxanse por exemplo pinturas como *Trazos opostos* (2007) ou *Ondas* (2006)-, aínda que nunca se esqueza nin perda o referente da percepción paisaxística ou vagamente figurativa. Estamos, xa que logo, perante unha pintura expansiva, ao tempo delicada e vigorosa, que se move en sutís equilibrios espaciais e cromáticos.


Por outra banda, semella que en Chaves a memoria xoga un papel catalizador, mesmo utiliza referencias semánticas explícitas como na obra *O niño da memoria* (1999), da que se presenta un bosquejo nesta mostra. A cor, asociada á memoria, permite unha forza emocional que constrúe un mundo persoal e íntimo. A cor expresa,

## Pinturas de Xaquín Chaves

CARLOS L. BERNÁRDEZ



pois, intres transitorios, enxergados máis que descritos pormenorizadamente, revelando e agachando a partes iguais. Trátase dun cromatismo e dunha pincelada gorentosa, mesmo facendo do xesto, da textura e do movemento o principal protagonista, mais sempre expresados con certa contención e control, como se o artista nos quixese lembrar que o que temos diante é fundamentalmente un obxecto, un obxecto "cultural", pero que non deixa de ser al-



# O trazo e a memoria



A pintura de Xaquín Chaves equilibra o peso da liña e mais da cor, construindo o espazo e afirmando as calidades vivaces e vitalistas por medio de amplas extensións de cores que serven para unha alusións e evocación dos motivos ás veces referidos nos títulos.

Na traxectoria do pintor, que esta mostra de Vilagarcía de Arousa permite enxergar con certo detalle, mantívose e mantense fiel ao seu estilo, realizando unha arte ao tempo de impresión e evocación, da que son bo exemplo obras como *Haiku* (2002), *No pa-*

*tio dos laranxos* (2006) ou *Celosía* (2006). As tres son exemplos perfectos desta captación, aparentemente allea aos avatares históricos, na que o poético adopta un papel relevante e en

## Equilibrios

certo sentido atemporal.

Mais a pintura de Chaves tamén é espacial, as súas creacións producen un efecto envolvente que modula un espazo que é definido pola propia pintura. O ca-

dro é sobre todo unha espacialidade expansiva e cromática que se converte nun ambiente e procura espontaneamente a arquitectura mergullando a espectador no seu mundo e abrindo o espazo para a súa imaxinación. Este aspecto é tamén ben evidente na súa produción escultórica, en obras como *As fases da lúa* (2008) ou *Os lombos* (2000), nelas o espazo en expansión consegue esvaer todo trazo de figuración ou de imaxe sen deixar de evocalo. O signo queda absorvido pola cor e o que fica é a forma en toda a súa plenitude e capacidade de suxestión.

go tanxíbel e concreto.

Se nos fixamos nos títulos das obras de Xaquín Chaves, observamos que son toda unha toma de posición estética que podería estar, en moitos deles, ao servizo dunha captación inmediata da realidade, mais que no seu caso serven para unha procura diferente na que a modulación de liñas e cores é o vehículo para a transmisión dunha pulsión interior, non unha pulsión de tendencia expresiva, como se adoita interpretar habitualmente o termo aplicado á obra pictórica, senón máis ben entendida como intensa procura interior que tenta por medio da pintura sintetizar un estado de captación plenamente poético, non esquezamos que Xaquín Chaves ten tamén moito de poeta; en 2006 publicou o seu *Poemario dun soño aberto*, no que as referencias paisaxísticas, como na súa pintura son ben abundosas e no que os títulos dos poemas poderían intercambiarse con moitos dos que levan os cadros.

## INFANTIL/REVISTAS

## Da xenerosidade

As palabras sempre dispostas a situarse aquí e acolá, as ideas caprichosas danzando ao ritmo da vontade e as persoas prestas a explorar o mundo e dar resposta aquilo que as rodea configuran un universo literario rico e moi suxestivo capaz de arrincar a bágoa máis amarga ou o riso máis doce.

O comezo d' *O sorriso de Rosalía* amosa unha fonda sensibilidade co mundo dos nenos e dos mozos e otorga rango de oficialidade a determinados pensamentos e actos que poden non ser moi lóxicos para un adulto, pero que son moi importantes para os mozos que ollan na literatura unha vía para dar renda solta á imaxinación.

Coñecemos a Rosalía porque o seu sorriso foi gañador nun concurso e xa dende este momento intuimos a actitude que a rapaza adoita ante a vida e isto, unido a unha desbordante imaxinación, permite que a nena prefira facerse a enferma para así poder viaxar ao arco da vella. Aquí coñecerá personaxes dos que aprenderá a percibir a realidade dende unha óptica diferente e aos que inten-

*Sorrisos de Rosalía*

MARÍA NAVARRO



tará axudar a conseguir os seus obxectivos ou rescatar cualidades perdidas. Seme-

lla cuestión de tempo decatarse de que a viaxe da vida vai máis alá do estritamente persoal e Rosalía non dubida en intentalo.

A conversa que Rosalía mantén nas cores do arco da vella enriquecerán a vida da nena que cando chega a casa relata á súa familia a aventura vivida e as consecuencias que tira de tal experiencia.

A literatura ofrece sempre cauces capaces de canalizar pensamentos e sentimentos, de explicar situacións extremas, de relativizar os problemas ou de superar a realidade e instalarse nun submundo no que rexen as coordenadas da fantasía. Cristina Sáez Cazallas amosa en *O sorriso de Rosalía*, unha novela publicada por Everest Galicia na colección "Ler é vivir", a posibilidade de que o lector se mergulle no conto e a partir de aquí descubra sensacións maravillosas imaxinarias e reais facendo de valores como a xenerosidade e a solidariedade bandeiras que enarborar.

SÁEZ CAZALLAS, Cristina, *O sorriso de Rosalía* (ilustr. Noemí López), Ed. Everest Galicia, A Coruña, 2008, 74 páxinas.

## Con Grial

*Novas perspectivas*

PAULA FERNÁNDEZ

Baixo o epígrafe principal de "Xénero, sexo e sexualidade: novas perspectivas," a revista *Grial* presenta catro artigos e unha entrevista a Celia Amorós coordinados por Dolores Vilavedra e María Xosé Agra, os cales, partindo dende unha postura feminista, abranquen diferentes aspectos que comprenden dende unha reflexión sobre o xeito en que se asentou a diferenza e a xerarquía entre homes e mulleres en Europa, do que se conclúe que foi asentada a naturalización de dous sexos, dous xéneros e unha práctica sexual, elaborada por Lourdes Méndez; até o repaso da concepción da organización da familia e a descrición da diversidade familiar actual, que pouco a pouco vai sendo aceptada malia a presenza aínda firme e adversa dunha serie de condicións políticas, económicas e ideolóxicas, nun artigo que asinan Raquel Orborne e Sara Barrón López; ou o debate sobre a diferenza



ca da UNED de fondas conviccións feministas, sobre feminismo e discurso filosófico, problemas do noso presente que se introducen cuns apuntamentos arredor da mal denominada violencia doméstica; a súa identificación entre

o feminismo e o pensamento da igualdade e mais a adaptación á mundialización dunha crenza entendida dende sempre que considera a muller unha sorte de obxecto a empregar como cambio nos pactos entre homes.

Ademais deste artigos que levan o peso temático da publicación, outros títulos e outros autores completan as páxinas desta seguindo as premisas que a definen dende a súa primeira aparición en 1951 e dende a definitiva en 1963, despois de dez anos de suspensión administrativa; informar sobre a realidade galega ao tempo que se tratan diferentes aspectos da cultura universal.

Seguen tamén rigorosamente esta liña orixinaria os artigos de Marcos Lorenzo, centrado no cambio que experimentou a Galicia rural cando pasou a se converter en urbana, e mais o de Albino Prada Blanco sobre as consecuencias que tivo para Galicia a dispersión da súa poboación.

O volume complétase, finalmente, coas diferentes achegas literarias e plásticas que inciden na concepción universalizante da publicación tal e como concibirán os seus fundadores, unha ponte que servise de ligazón entre Galicia e toda a cultura universal.

VV. AA., *Grial*, nº 176, Ed. Galaxia, Vigo, 2008, 143 páxinas.

## ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

## Montero Ríos e Compostela

Margarita Barral Martínez

Sotelo Blanco Edicións. 409 páxinas

En 1886, cando Montero Ríos sae elixido deputado polo distrito de Santiago, a urbe pasa a ser unha cidade de condición *monterista* dende o punto de vista político, e a corporación municipal así se definía. O *monterismo* iniciábase como rede clientelar de carácter expansivo onde ideoloxía progresista e intereses locais se

mesturaban para darlle un posicionamento á cidade de Compostela a escala estatal, en contraposición co pasado máis inmediato. Margarita Barral plasma neste volume o proceso de aceptación pacífica da cidade, daquela de forte tendencia conservadora, da política secularizadora de Montero entre os anos 1888 a 1923.



## O teatro de Varela Buxán

Edición de Xosé Luna

Edicións Xerais. 203 páxinas

A figura de Manuel Daniel Varela Buxán (1909-1986) é a dun dramaturgo galego de obra prolífica que cumpría revisitar a través dunha edición como a presente. Ofrecense así senllas pezas clave na súa bibliografía: *Se o sei... non volvo á casa* e mais *Taberna sin dono*, acompañadas dun estudo críti-

co e a inclusión de abondoso material fotográfico e documental. Este traballo pretende facilitar a accesibilidade aos traballos teatrais de Varela Buxán ao tempo que quere tributar un necesario recoñecemento a ese labor calado que realizou polo noso teatro na emigración arxentina e en Galicia.



## O ladrón de palabras

Anxo Fariña

Edicións A Nosa Terra. 24 páxinas

Na cidade desapareceron todas as palabras, e semella que un personaxe misterioso, un ser moi perigoso que recorre os tellados da cidade cunha potente aspiradora, as roubo todas. O tío Manuel, Xela e Brais, que se atopan de vacacións en Venecia, regresan á cidade e decátanse de que non enten-

den nada porque a xente non pode falar. Os tres terán que vivir unha aventura chea de letras para solucionar o misterio. Adicado aos máis cativos, *O ladrón de palabras*, que aparece editado na colección Contos do Miño, é unha nova entrega de Anxo Fariña, autor do texto e das ilustracións.



## Unha historia de pantasma

Amadeo Cobas

Sotelo Blanco Edicións. 120 páxinas

Atravesada pola ironía e o humor, esta novela está estruturada mediante a proliferación de situacións absurdas, o que require lectores dispostos a entregarse a esta deriva narrativa e á enganosa livinidade con que se encaran algúns dos temas máis candentes e complexos destes tempos, como a perplexidade, o desconcerto, a soi-

dade e, sobre todo a busca de sentido á vida cunha comicidade dramática pero comicidade, porque o humor e a ironía sempre son formas superiores de comicidade. Cun sentido do humor retranqueiro, Cobas conduce o seu protagonista, Gorecho Papa Gaio, a través dun percorrido pola Galicia máxica e tradicional.



No ambiente universitario santiagués de finais dos sesenta, algúns estudantes sensibilizados pola difícil realidade social da época descubriron o poder da palabra unida á música para axitar conciencias. O duro control do franquismo perseguía calquera postura crítica, pero noutros recantos había xente como Lluis Llach, Mikel Laboa ou Raimon que respostaban ao acoso da policía con cancións. Precisamente, unha actuación de Raimon en Compostela (marzo de 1967) supuxo para varios daqueles rapaces unha experiencia reveladora. Ao ver as emocións que xeraban entre o público as cancións do valenciano, decatáronse de que a música era a forma de expresión que necesitaban para difundir o seu ideario. Foi por iniciativa de Xavier González del Valle, un alumno de Químicas máis interesado en compondor cancións que nos estudos, que Benedicto, Guillermo Rojo, Xerardo Moscoso e Vicente Araguas entraron en contacto. El impulsou o histórico concerto da Facultade de Medicina, do que se celebrou o 40º aniversario o pasado 26 de abril.

Aquel recital foi a primeira das moitas ocasións na que os cinco compartiron escenario. Semanas despois, nun encontro con Alfredo Conde e Margariña Valderrama no bodegón do Hotel Compostela, o movemento tomaría corpo: "Reunidos, pois, naquel bodegón decadente (no retrete lucía a pintada de 'Viva Galicia Ceibe de farrapos e caderas') e sentadas as bases (canción monolingüe, social, belixerante, etc), faltaba o nome que tiña que agruparnos. Recordo que eu propuxera o de 'As ovellas negras' e que fora rexeitado por radical e impreciso. 'Os biosbardos', que era o barallado por Alfredo, resultaba un chisco lírico e, por tanto, inoperante. Ao fin Xavier González del Valle apuntou o definitivo: 'Voces Ceibes'". Así, con claridade e humor, recorda a escea Vicente Araguas no seu li-

bro *Voces Ceibes* (Edicións Xerais, 1991).

O proxecto tiña unha intención clara. A identidade cultural galega estaba baixo o control do réxime, que supervisaba as actividades das agrupacións folclóricas para

que foran acordes coa interpretación da tradición que facía o franquismo. Polo que había que reaccionar creando un colectivo que promovera a *Canción galega*, da mesma forma que o fixeran os grupos Els Setze Jut-

ges en Cataluña ou Ez Dok Amairu no País Vasco. Até a súa disolución en 1974, Voces Ceibes traballaron arreo nesa dirección. Facendo actuacións en centros culturais de toda Galicia –en moitas ocasións gratis–; musicando a Manuel María, a Ramón Cabanillas ou a Celso Emilio Ferreiro; establecendo coloquios co público; enfrendándose coa censura. Algúns dos que participaran no concerto de Medicina abandonaron o barco antes de tempo, pero chegaron outros que mantiveron o impulso: Miro Casabella,


Tino Álvarez ou Xaime Barreiro Gil. Aínda que, malia os esforzos, deron con moitos máis problemas no seu camiño que os grupos vasco e catalán que lles servían de modelo.

Deixando de lado as discrepancias internas e as entradas e saídas de compoñentes, unha das grandes limitacións de Voces Ceibes foi que en Galicia non había industria discográfica; a súa editora era de Barcelona. Como os resultados comerciais eran discretos, a aposta polo colectivo da *Canción galega* era tímida. Tam p o u c o axudou o feito de que existira unha corrente de artistas con carácter máis comercial que utilizaba á súa orixe como unha ferramenta de promoción. Andrés do Barro cantaba na nosa lingua, pero outros coma María Ostiz ou mesmo Julio Iglesias nin sequera iso. Porén, a maior limitación eran os pobres coñecementos técnicos dalgúns dos membros: unha eiva que non deixaba desenvolver ideas musicas máis complexas. Estas circunstancias fixeron de Voces Ceibes un movemento de

gran valor para a nosa historia cultural, pero sen efectos no presente da música galega. Para colmo, é difícil de rastrear, porque atopar os discos que publicaron é misión imposible. Se como din, hai que coñecer o pasado para poder construír un futuro, a música galega ten un problema mentres non se reediten aquelas gravacións.

## Voces Ceibes: 40 anos despois

CARLOS BARREIRO



# Memoria da canción de noso

## Celso Emilio fotobiografado

Curiosamente, esta semana vén de presentarse un disco-libro dedicado a Celso Emilio Ferreiro, un dos poetas nos que máis mergullaron os compoñentes de Voces Ceibes. Calificado polos seus editores, o selo discográfico especializado documentación sonora Ouvirmos, como unha "fotobiografía sonora", o volume está composto por un libro que recolle 120 fotografías, un texto do especialista no poeta de Celanova, Ramón Nicolás, e dous discos compactos. O primeiro contén unha escolma de poemas recita-

dos polo propio Celso Emilio, recollidos do fondo sonora da fundación que leva o seu nome, e o segundo unha compilación de artistas de diferentes épocas e xéneros que puxeron música aos seus versos. Na

selección teñen cabida dende o hip hop de Dios Ke Te Crew até o sonido soul de Los Tamara, pasando por Fuxan Os Ventos, María Manuela, Suso Vaamonde ou Benedicto, claro. Ademais, o disco abrebre cunha introdución de Xurxo Souto, o director de programas da Radio Galega, na que conta en que contexto xurdiu cada unha das composicións. Ouvirmos xa publicara un traballo co mesmo esquema sobre Manuel María e o seu poemario.